

**DUBIDO SE O MEU FILLO/A TEN
ALTAS CAPACIDADES
INTELECTUAIS**



PASOS A DAR NO CENTRO ESCOLAR

Baseado no artigo de Belén Ros "Protocolo de actuación rápida para padres con niños de altas capacidades intelectuales"

http://rosabogadosgranada.blogspot.com.es/2014_05_01_archive.html

Moitos dos pais e nais de nenos con Altas Capacidades Intelectuais atopámonos diante dunha destas situacións:

- temos a dúbida de se algún dos nosos fillos/as terá, ou non, altas capacidades;
- contamos coa valoración dun profesional privado, pero no centro escolar non lle prestan ningunha importancia;
- temos o informe do orientador/a do centro, pero non se aplican as medidas que nel se propoñen ...

Tivemos que empezar un proceso de investigación persoal e mesmo loita que nos levou, ás veces, a accións pouco produtivas e desmoralizadoras.

Desde ASAC, en vista de que era unha situación máis habitual do que todos e todas desexamos, quixemos elaborar esta pequena guía coa intención de que vos sirva de axuda ás familias que empezades ou estades totalmente metidas nese proceso.

Para facilitar a súa lectura divídese en apartados que se corresponden cos diferentes treitos educativos.

ASAC

Febreiro do 2015

O MEU FILLO/A ESTÁ NO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

A Etapa de Educación Infantil non é unha etapa escolar obrigatoria, isto quere dicir que non temos porque escolarizar o noso fillo antes dos seis anos e, polo tanto, podemos atendelo educativamente na casa ou nunha escola ou centro de educación infantil.

Se te decides a escolarizalo nun centro educativo, a actuación ante a sospeita de precocidade ou de altas capacidades intelectuais pode seguir varios camiños:

1.-Falar co seu titor/a coa finalidade de intercambiar información que lle permita complementar aquela da que dispón para que atenda ao neno/a ao seu ritmo. Isto é factible porque tanto o nivel de concreción dos contidos da etapa de Infantil como a existencia de diferentes ritmos madurativos entre os nenos dun mesmo nivel permiten, e demandan, unha metodoloxía que responda aos diferentes ritmos de aprendizaxe presentes na aula. Non sería precisa a intervención doutros profesionais.

2.-Falar co titor/a do teu fillo/a para que solicite a intervención do Orientador do centro e que este avalíe o neno/a, emita informe e traslade a solicitude de Ditame de Escolarización como Alumnado de Necesidades Específicas de Atención Educativa (ANEAE), se é o caso.

No Ditame de Escolarización, ademáis das medidas curriculares que se propoñan pode aparecer a recomendación de que o menor poida entrar un ano antes en 1º da Educación Primaria ou acceder directamente a 2º no remate da Educación Infantil.

3.-Falar co seu pediatra para que indique a vía para realizar unha avaliación psicolóxica do neno/a ou un informe diagnóstico de Altas Capacidades Intelectuais.

É importante ter presente que, mentres que todos os nenos/as superdotados/as son precoces, non todos os precoces son superdotados. Isto non quere dicir que se un neno é precoz non haxa que atendelo educativamente de forma axeitada e darlle a oportunidade de avanzar conforme o necesite.

O MEU FILLO/A ESTÁ NAS ETAPAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA OU SECUNDARIA OBRIGATORIA.

Pódense dar diferentes situacións:

1º) Sen valoración das súas posibles altas capacidades intelectuais:

Temos dúas posibilidades:

-Poñernos en contacto co titor/a. Expresamóslle as razóns polas que cremos que é necesaria unha valoración. Se non o estima pertinente, transmitímoslle a nosa petición de valoración ao orientador/a do centro. De non ter resposta, presentaremos por escrito a nosa petición á Dirección do centro, e finalmente ao Servizo de Inspección da correspondente Xefatura Territorial da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

-Solicitar a valoración nun profesional privado colexiado e debidamente cualificado.

2ª) Con informe de altas capacidades intelectuais realizado polo orientador/a do centro e Ditame de Escolarización como ANEAE:

O decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, establece:

Artigo 4

7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

Artigo 33.

4.As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado e dos resultados desa identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.

Artigo 35

1. Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica recolleranse nun informe psicopedagóxico no cal deberán figurar a situación evolutiva e educativa da alumna ou alumno, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións se consideren oportunas. Este informe xuntarase á documentación que conforma o expediente escolar da alumna ou alumno.

2. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, e terán dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

No caso de que se considere que non se cumpren as medidas educativas previstas no informe, a pesar de que, previamente, se puxo esta situación en coñecemento do/a titor/a podemos proceder a informar por escrito, con copia selada, a:

- 1.- Dirección do Centro Escolar.**
- 2.- Servizo de Inspección/Xefatura Territorial**
- 3.- Consellaría de Educación**
- 4.- Tribunais de Primeira Instancia do Contencioso Administrativo.**

3ª) Con informe de ACIs de profesional da saúde público ou privado externo á Administración Pública, Colexiado e axeitadamente informado e motivado:

Pór o informe en coñecemento do centro escolar mediante un escrito con copia selada, dirixido ao titor/a e ao director do centro escolar.

Logo deste paso podemos atoparnos que:

1.- Se as medidas que propón o informe son de carácter ordinario, adaptacións curriculares non significativas ou enriquecemento curricular, coincidindo coas que establece o Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro, pode suceder que se comece a atender educativamente ao neno/a conforme ás súas necesidades.

2.- Se o informe provén de profesional da saúde público (Médico ou Psicólogo clínico de Servizo Médico Oficial), só se debe informar ao Orientador/a para que estableza as medidas pedagóxicas axeitadas, sen reavaliar o menor (Sentenza do Tribunal Supremo de 12/11/2012, n.º 3858/2011).

3.- Se o informe provén de profesional da saúde privada, é posible que o Orientador/a do centro queira volver realizar probas psicolóxicas e pedagóxicas ao neno/a, a pesar da sentenza anterior. Neste caso pódense dar dúas situacións:

a) Que o orientador/a confirme a existencia de ACIs e emita Informe e resolución con Ditame de Escolarización como ANEAE: o centro terá que levar a cabo as medidas educativas aconselladas no Informe.

b) Que o orientador/a non confirme a existencia de ACIs e emita informe negativo: poderase pedir unha segunda Avaliación Psicopedagóxica de Contraste á Xefatura territorial de Educación e unha terceira á Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Fronte ao argumento, por parte do Orientador/a e/ou da Administración, de que non se pode realizar a mesma proba psicolóxica de tipo psicométrico ata que non transcorran polo menos dous anos, convén ser sabedores de que existe unha ampla variedade de probas diferentes para medir a intelixencia, a creatividade e a memoria, non tendo porque repetirse o mesmo test.

Se a pesar de todo existe unha importante discrepancia entre os informes da administración educativa e os externos á mesma: entón poderase acudir aos Tribunais de Xustiza en reclamación do Ditame de Escolarización do neno/a como de ANEAE por ACIs.

O MEU FILLO/A ESTÁ A ESTUDAR BACHARELATO:

O Bacharelato non é unha etapa obrigatoria, polo que pode facela nun centro escolar, nunha academia ou a distancia, sen necesidade de autorización especial para iso.

Os dous anos de Bacharelato están condicionados pola elevada presión que supoñen as probas de acceso á universidade, non sendo pois a etapa máis adecuada para levar a cabo unha flexibilización. Aínda así, se o alumno/a a necesita, nada o impide.

Dous aspectos que compre coñecer ben son:

-O Ditame de Escolarización implica tamén unha serie repercusións á hora de elixir centro escolar (na reserva de praza, no comezo de cada etapa educativa, poderían entrar no cupo reservado para AENEAE) ou poder solicitar axudas para a súa formación.

-En canto á flexibilización, o Real Decreto do 18 de xullo do 2003 establece:

Artículo 7.

Criterios generales para flexibilizar la duración de los diversos niveles, etapas y grados para los alumnos superdotados intelectualmente.

1.

La flexibilización de la duración de los diversos niveles, etapas y grados para los alumnos superdotados intelectualmente consistirá en su incorporación a un curso superior al que le corresponda por su edad. Esta medida podrá adoptarse hasta un máximo de tres veces en la enseñanza básica y una sola vez en las enseñanzas posobligatorias. No obstante, en casos excepcionales, las Administraciones educativas podrán adoptar medidas de flexibilización sin tales limitaciones. Esta flexibilización incorporará medidas y programas de atención específica.